

Á MESA DO PARLAMENTO

David Fernández Calviño, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**, relativa á non publicación no DOGA do informe final no que se da resposta ás alegacións presentadas ó borrador da Lei de caza de Galicia.

No DOGA do 27 de xaneiro do 2012 publicouse o anuncio polo que se acordaba someter a información pública o borrador do anteproxecto da Lei de caza de Galiza para presentar as alegacións que se considerasen pertinentes. Que de acordo coa normativa vixente, as proposicións, suxerencias ou recomendacións recibidas pola administración terán que ser consideradas polo órgano encargado da redacción do texto do proxecto, podendo ser asumidas ou rexeitadas a través dun informe final no que recibirán unha resposta razoada, informe que en caso de medidas relacionadas co medio ambiente ás que se refiren os artigos 17 e 18 da Ley 27/2006, será oportunamente publicado. Sen embargo a Xunta de Galiza, e a pesar da petición de asociacións e do Valedor do Pobo aínda non o fixo.

Polo antes exposto, o **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda** formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Por que motivos non foi publicado no DOGA o informe final no que se da resposta ás alegacións presentadas ó borrador da Lei de caza de Galicia.?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2013.

Asdo.: David Fernández Calviño
Deputado do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

David Fernández Calviño na data 11/03/2013 18:13:45